

Informe sobre o topónimo *A Gramela*

Hai tres topónimos *A Gramela* no Nomenclátor de Galicia: en San Pedro de Visma (A Coruña), en San Xillao de Vilachá de Mera (Lugo) e en Santa Mariña de Brañas (Toques). Pero tamén en Portugal hai *A Gramela*: en Pombal e mais en Estorãos (Ponte de Lima).

Gramela é palabra viva no léxico rural. Pódese ver a presenza desta palabra nos dicionarios galegos buscando as palabras *gramela / gramelo* no *Dicionario de dicionarios* de Antón Santamarina [<http://ilg.usc.gal/ddd/>].

Como se ve, os dicionarios galegos recollen *gramelo* e *gramela* como substantivo común vivo co significado de ‘trebellos para pillar bichos’. Eladio Rodríguez dá esta información:

En el siglo XVII la Junta del Reino de Galicia aceptó los ofrecimientos de un francés que había inventado un GRAMELO para la extirpación de lobos y raposos, señalándole el sueldo vitalicio que pedía, con objeto de que hiciese las GRAMELAS o GRAMELOS necesarios para auxiliar las MONTEIRÍAS que desde mucho tiempo antes venían haciéndose contra los animales dañinos que infestaban el país.

É posible que este significado non sexa o orixinal pero tamén Elixio Rivas Quintas recolle esta palabra no *Léxico do NO*: co significado de “armada” ‘rede de cazar xabaris’ Galicia [PSobreira]; armadia [de pillar animais], armar”.

Pero esta palabra presenta tamén as variantes *garamelo / garamela*, vivas no sueste de Ourense, co mesmo significado de “trampa para cazar animais”; pode verse, por exemplo, en RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña*. E estas variantes está presente na microtoponimia desa zona de Galicia, como se ve no seguinte cadro:

Concello	Parroquia	Aldea	Topónimo
VILARIÑO DE CONSO	Castiñeira (San Lourenzo)	Castiñeira	<i>A Cavaixe da Garamela</i>

REAL ACADEMIA GALEGA

Concello	Parroquia	Aldea	Topónimo
CASTRELO DO VAL	Portocamba (San Miguel)		<i>A Corguiña da Garamela</i>
MONTEDERRAMO	Gabín (San Pedro)	Touzal	<i>A Garamela</i>
MONTEDERRAMO	Paredes (Santa María)	Veredo	<i>A Garamela</i>
VILARIÑO DE CONSO	Castiñeira (San Lourenzo)	Castiñeira	<i>A Garamela</i>
GUDIÑA (A)	San Lourenzo de Pentes (San Lourenzo)	San Lourenzo	<i>A Pista das Garamelas</i>
GUDIÑA (A)	San Lourenzo de Pentes (San Lourenzo)	San Lourenzo	<i>As Garamelas</i>
GUDIÑA (A)	Barxa (San Xoán)	Barxa	<i>O Cabezo do Garamelo</i>
GUDIÑA (A)	San Lourenzo de Pentes (San Lourenzo)	San Lourenzo	<i>O Cavanco das Garamelas</i>
VILARIÑO DE CONSO	Castiñeira (San Lourenzo)	Castiñeira	<i>O Lombo da Garamela</i>
VILARIÑO DE CONSO	Castiñeira (San Lourenzo)	Castiñeira	<i>Regueiro da Garamela</i>

Na páx. 289 da *Fitotoponimia galega* de Gonzalo Navaza (que se pode consultar na rede [<https://ilg.usc.gal/gl/publicacions/libros/fitotoponimia-galega>]) analízase a voz (e o topónimo) *gramela* na entrada 123 na serie *garabelo, garamelo, gramela, gramelo* co significado de

REAL ACADEMIA GALEGA

'trampa ou cepo para cazar animais', pero tamén se pon en relación con *garabato*, *garabullo* ('palitroque delgado, generalmente seco, que se usa para hacer lumbre o encenderla'). Poida que esta segunda acepción fose o significado primitivo.

As posibles relacións con *agra*, que se poderían estudar e discutir noutros topónimos aparentemente próximos como *Grameá* (*Agra* meá = mediana) carecen de todo sustento filolóxico no caso da *Gramela*. Véxase BASCUAS, Edelmiro (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico; p. 318. E, aínda explicando *A Gramela* como procedente de *agra*, quedaría por explicar o restante *-mela*; pero, sobre todo, a existencia da variante *Garamela* impide ir na dirección da base *agra*: máis ben, habería que pensar en se *gramela* non será unha síncopa de *garamela*.

Concluíndo. *A Gramela*, topónimo urbano e periurbano da Coruña (pero tamén doutros lugares de Galicia e mesmo de Portugal) parece corresponder, coa variante *A Garamela*, unha palabra común aínda viva en parte do mundo rural galego, con significado específico. Polo tanto, é un topónimo que parece gardar algunha misteriosa memoria ou da vexetación que noutro tempo abundaba nese lugar ou da súa posterior utilización cinxética e mesmo da derivación a trebellos modernos de maior eficacia. Non é posible especificar máis pero, en calquera caso, non se lle ve posible relación co substantivo *agra*.

